



*ARTE, LITERATURA
ANTROPOLOGÍA...*



Nocturno no Bosque Sagrado de Presedo. Foto: Alfredo Erias.

A habitación simbiótica (da cidade dos outros á habitante estranxeira)

GABRIELA RODRÍGUEZ*

Fotografías: Octavio Rodríguez García

Daquela, cando era eu nacente e luminosa,
fun caer cos pés xuntos
entre as costelas da terra,
no adro mesmo dese puño de hedras e pedra
que latexa vigoroso de estación en estación.

Baleirarse...
en sístole contraerse para descifrarse polo miúdo,
enredarse no fío inabarcable do tempo esgotado
que o forneceu de tabiques e veas
e deixou medrar esas xanelas pequenas
que imitan os ollos dos insectos
coa precisión inocente da man humana.
En sístole, compasada, cos dedos pechos
madurar a froita e camiñar mel sobre mel,
aterrar nunha aurícula que saiba a fértil,
a frescura bombeada desde o íntimo, secularmente.

Para volver a encherse...
preso nunha diástole que acolle contras as vellas paredes
un sangue renovado, unhas mans desafeitas e curiosas
que apalpan con pureza o descoñecido
ata fundirse no tecido preexistente e apreixar e apreixar...
rebotando as pulsacións, e restaurando un ritmo
en caída libre. En diástole... eu dentro,
estranxeira, me retorzo,
e envexo que esta carne non sexa a miña.

* **Gabriela Rodríguez García** (Vilalba, 1979) é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e vive en Betanzos dende 1993. Dende o ano 2001 forma parte da Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos, publicando na revista *A Xanela* os seus primeiros poemas. É autora do libro *Elemental* da colección Xanela de Poesía, que Mando Records converteu en audio-libro no ano 2009, coa participación de músicos e coñecidas voces galegas da dobraxe.

Hospedada nesta cidade-corazón crítica
alumeo unha traza de simbiose entre nós,
eu prestareiche alento, como un heroe brinda un suspiro último
e veremos ese solpor insólito nas galerías sobreviventes.

Eu, tamén supervivente.

Porque esa luz do solpor cae nos teus adentros
como en ningún sitio, é como se percorrera
moi caladiña a terra de cultivo e se deslizara despois
por entre as rúas dos oficios, cargando na súa mochila
todas esas esencias insólitas para liberalas
contra os teus ollos-galería e as túas torres-boca
e definirte enteira,
nunha soa bafarada luminosa.

Nese momento, tes boa cara, mesmo sabendo
que os tendóns se desintegran e que tes un pulso
lento. Nese momento non te extingues, reflexes
e mesmo semella que as túas veas se inchen
para parir unha marea viva que trouse
o que perdiches.

Eu, tamén perdín.

Nacín sen raíz coma esas plantas que rodan no deserto,
que viaxan agónicas con cada suspiro súbito do vento,
e non aniñei máis aló do estritamente necesario,
uns zapatos de inverno e unhas sandalias de verán.

Non houbo en min indicio algún de arraigar,
mais si un instante diáfano de fraqueza,
unha febre destilada do núcleo mesmo do mundo,
da ferida fonda de vivir ao aire.

Hipertérmica, para calmar tal quentura
busquei a pedra con desesperación,
fincando os xeonllos, abrindo as mans,
botando a meixela esquerda sobre o frío.

E da miña boca saíron ramas e xermolei,
renacer e resucitar presa nun mesmo impulso,
enraizar de vez, desafiar á conciencia
dunha nómade, terra na que prender os ósos.





Buscar a corrente, desenterrar unhas necesidades de osixeno
inapropiadas para a cidade-contra-o-contorno,
e atopar, coma unha Alicia reeditada, o burato cara a corrente.

Percorro descalza a herba, intérnome na sombra das sabas brancas
que algún día uliron a pedra labrada e aspiro moi profundo, baixo o sol,
detrás se ergue, coma un limbo durmido, a evocación da cidade-pulmón:
remangar as camisas, dobrar os cadrís e afundirse no río incesante.

Dentro, espelida, arremango os pantalóns, véñeme os nocellos
e os papos das pernas, e frego o cu esvarando ata deixar caer
os pés no caudal frío, moi frío, desboto dúbidas doentes
e abrando con precisión os sentidos onde outras endureceron as mans.



Repréganse as distintas peles, os diferentes abrazos
e filtramos as vestiduras: a infracidade existe
e nodosa escorrega baixo as igrexas, as prazas e os amores
últimos, silenciosa espía vibra baixo os muros
e remoe unha historia cara a dentro.

E esa infracidade, os seus réptiles e árbores corpóreas,
acumulan a experiencia das almas rotas e os bicos
primeiros, tragan con todo, dixiren, acumulan,
e sábense cómplices.

Busca alí os pasos que pensaches perdidos,
as túas memorias esquecidas de habitante.



Esa membrana que nos une
polo espiñazo
e que agora racha pouco a pouco
desintegrarase nos días.
Pasaremos lixeiras
pola existencia
(a túa un pouco máis eterna)
e eu contareite fermosa
e ti lembrarasme tímida.
Nesta habitación simbiótica
que compartimos
ti es a cidade dos outros
e eu a habitante estranxeira
pero nada diso importa
cando o mundo é pequeno
e os versos desaugan nocturnos.